



O proxecto **ECONOIA**, relacionado coa problemática do lixo mariño nos bancos marisqueiros, será presentado o próximo venres 4 de setembro as 10.30 horas na Sociedade Liceo de Noia.

Convidámoslle a expoñer de forma moi breve en que consiste a súa colaboración, sen a que este proxecto non sería posible.

Na mesa de presentación do proxecto están convidados a participar representantes das seguintes entidades: Consellería do Mar, Concello de Noia, Concello de Outes, Confraría de Pescadores de Noia, Asociación Mar de Noia, Mar de Fábula e Sociedade Liceo de Noia.

Tamén asistirán ao evento as mariscadoras e mariscadores a pé que participarán activamente neste proxecto. Despois da presentación, A Asociación Mar de Fábula impartirá unha charla na que a exporá a problemática ambiental do lixo mariño e cómo se organizarán as xornadas de limpeza.


Adxuntamos o programa da xornada e unha breve descrición do proxecto.



Santiago Cruz Martinez

Patrón Maior da Confraría de Pescadores San Bartolomé de Noia






ECONOIA

O proxecto **ECONOIA** ten como obxectivo retirar o lixo acumulado nos bancos marisqueiros e divulgar e concienciar sobre o impacto ambiental do lixo mariño. Causará un precedente para organizar limpeza futuras periódicas, non só por parte dos mariscadores senón tamén polo resto da poboación, e axudará a concienciar sobre a redución de residuos e a súa adecuada xestión. É unha excelente oportunidade para a educación ambiental e para fomentar valores tanto individuais como colectivos.

O Esteiro do río Tambre é un lugar de acúmulo de lixo provinte tanto da actividade pesqueira e portuaria, como das actividades agropecuarias e das zonas urbanas que se desenvolven na conca. Esta zona de sedimentación natural tamén tende a acumular o lixo da conca do río, causando graves perxuízos para a conservación dos bancos marisqueiros. Afecta á calidade do substrato, á fauna, que pode inxerilo e causar tanto a súa morte como bioacumulalo e pasalo a cadea trófica, e dificulta a actividade extractiva.



Esteiro do río Tambre e exemplos de lixo mariño atopado.

ECONOIA desenvolverase durante os anos 2020-2021. Comezará cunha xornada formativa destinada aos mariscadores sobre o impacto ambiental do lixo mariño e os obxectivos, forma de organización e execución deste proxecto. Posteriormente executaranse as xornadas de limpeza dos bancos marisqueiros a pé da zona de autorización da Confraría de Pescadores de Noia. Realizarase un inventario do tipo e da cantidade de lixo mariño recollido e depositarase nos contedores habilitados polos concellos de Outes e Noia que colaboran tamén neste proxecto. No verán de 2021 a Sociedade Liceo de Noia prestará as instalacións á Asociación Mar de Fábula e a Asociación Mar de Noia para expoñer arte e obxectos da cultura mariñeira atopados nas nosas praias. Esta exposición estará aberta durante os meses de xuño e xullo, e servirá tamén para divulgar os resultados do proxecto ata ese momento. Divulgaranse os resultados finais do proxecto na páxina web da entidade na que estará dispoñible e difundirase a través de redes sociais e medios de comunicación.




Este proxecto recibiu o apoio do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). As porcentaxes de cofinanciamento das axudas son do 75 % con fondos FEMP e do 25 % con fondos da Comunidade Autónoma.

IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A COFRADÍA DE PESCADORES DE NOIA:

		75 % FEMP	25 % Comunidade Autónoma
Ano 2020	45.232,53 €		
Ano 2021	159.027,80 €		
Importe total	204.260, 33 €	153.195,25 €	51.065,08 €

Participantes:





ECONOIA

XORNADAS SOBRE O LIXO MARIÑO:

10.30-11 Recepción dos asistentes

11.00 Presentación do proxecto realizada polos representantes das entidades participantes.

11.15 Formación e sensibilización sobre a problemática do lixo mariño impartida por Mar de Fábula

11.45 Organización das xornadas de limpeza: procedementos operativos que se van realizar desde a recolla á xestión, incluída a clasificación do lixo. Impartida pola Confraría de Pescadores de Noia e Mar de Fábula.

Asistencia baixo inscrición* con nome e DNI a liliana.solis.pais@cofradianoia.org e confirmación.

* aforo limitado



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e da Pesca
(FEMP)



Participantes:

